



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIÓN PROFESIONAL, PARA O FOMENTO DA FORMACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS DIRIXIDA A OS/AS PROFESIONAIS DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DE UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO**

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde e ACIS formalizou en dato 04.02.2026 coa Unión Profesional o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 04.02.2026 ata o 30.06.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo *"regular a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Unión Profesional, co fin de **fomentar a formación en competencias dixitais** entre os profesionais que prestan servizos no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia, no marco do Programa de Formación en Competencias Dixitais financiado con fondos europeos Next Generation EU, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia."*

Deste xeito, e segundo o estipulado polo convenio *"a finalidade das actuacións obxecto do presente convenio é **mellorar a capacitación dixital** do devandito persoal sanitario, contribuíndo ao desenvolvemento dunha sanidade máis eficiente, inclusiva e adaptada aos retos tecnolóxicos actuais."*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

*"Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.*



*No exercicio das súas competencias, ten a responsabilidade de impulsar a mellora continua dos servizos sanitarios, a promoción da saúde pública e a formación das persoas que integran o sistema sanitario. Neste sentido, a transformación dixital e a adquisición de competencias tecnolóxicas por parte do persoal sanitario constitúen elementos crave para afrontar os retos actuais do sector e facilitar unha atención sanitaria máis eficiente, segura, inclusiva e adaptada ás esixencias do século XXI.”*

*“Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia”*

*“Que polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), adscrita á Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.”*

*“Que Unión Profesional é unha entidade de referencia nacional que agrupa ás organizacións colexiais de distintas profesións, incluíndo aquelas vinculadas ao sector sanitario. A súa misión é representar e defender os intereses das profesións colexiadas, promover a calidade e a excelencia no exercicio profesional, fomentar a ética e a deontoloxía, así como impulsar a formación continua e a actualización de competencias dos seus membros...”*

*“Que Unión Profesional foi beneficiaria dunha subvención outorgada pola entidade pública empresarial Red.es, dependente do Ministerio de Transformación Dixital do Gobierno de España, destinada ao desenvolvemento do “Programa de Formación en Competencias Dixitais” dirixido a colexios profesionais. Esta iniciativa enmárcase dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiada con fondos europeos Next Generation EU, e ten como obxectivo formar, antes do 30 de xuño de 2026, a un total de 80.000 persoas colexiadas en competencias dixitais, dotándolles das ferramentas necesarias para desenvolverse nunha contorna cada vez máis dixitalizada.”*

*“Que ambas as partes comparten o convencemento de que a formación en competencias dixitais é fundamental para o avance da práctica sanitaria e para garantir a calidade e seguridade da atención prestada á cidadanía. Consideran que o desenvolvemento do citado Programa representa unha oportunidade idónea para colaborar de forma conxunta na difusión, a formación e o acompañamento dos profesionais do sector sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia. A través desta colaboración, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde poderán contar con información relevante sobre o grao de capacitación dixital do seu persoal, mentres que Unión Profesional poderá ofrecer recursos formativos, organizar*





*actividades e prestar apoio técnico e loxístico para a exitosa implantación do Programa”*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase en memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

A Secretaria Xeral Técnica

Natalia Lobato Mosquera

